

Título: Fuximos libres      Lema: O amor hanos esnaquizar

Fuximos libres do límite da realidade.  
da nosa realidade.

Sinxelamente, eramos cores.

Algúns preludios de outono  
sazonaban o aire.

O apenas audible vento,  
preludio da soildade que se aproximaba.

O noso fora sinxelo,  
sensación e bolboretas.

O murmurio das áreas belisca o mar;  
o zoar do vento movía o teu cabelo,  
lento e lene,  
delicado e fráxil.

Os días agochaban novos sentimentos  
e nós, na praia, descalzos.

Deitados no cume do mundo  
as horas mortas xa,  
convertéranse en cadaleito.

As verbas morrfan  
nun suspiro lento  
e os beizos interpretaban calquera cousa intelixíbel  
entre ti e eu.

Agochabamos os sentimentos

presos dos nosos desexos e ilusións  
cal xílgaro mudo que escota un doce cantar.  
  
Aloumiños de verbas doces  
e mais rumores de versos  
xa esquecidos  
e mesturados no orballo  
de noites, de seráns  
nos que deixabamos a lúa  
espida con beliscos de sedución.  
  
Un intre,  
só un intre  
só un bastou para me marcar para sempre.  
  
Os contos perdérонse no arco da vella  
e a alma foi  
un espello esnaquizado dentro,  
moi dentro de min,  
dentro de todo o que un bico significa.  
  
Só quedaba a monotonía  
dos días e da súa faciana  
e bágoas de sangue de dous  
cadaleitos corazóns.  
  
Ti, ao tempo que me arrincabas  
o amor e a esperanza  
agasallábasme con bicos

e espindo a lúa  
con beliscos de mar na area.

Dicías ti:

“Gardareiche o mar nunha gaiola.  
Fuxiremos libres,  
a un lugar descoñecido te levarei  
e xuntos estaremos, ma petite.”

Mais nós xa había moito,  
que perderamos o mar.

Sentenciei cun portazo  
o canceríxeno cariño  
e o obsesivo amor  
que me afogaba o peito,  
o feito de quererte como te quixen,  
xa é pasado.

O feito se soñar como te pensei  
non é presente.

O feito de por sempre xuntos estar,  
non será un futuro.

O feito de ser e non seremos  
é o noso ser.

Só conseguiches  
facer chorar un corazón,  
converténdoo en cadaleito.

Silencio.

Xa non hai monotonía  
na túa faciana,  
xa non.

E na miña bágoas,  
encerradas na gaiola  
que é o silencio.